

DECRETO NÚMERO 14005293 DO 02/06/2014

Excmo. Sr. Don JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO.- Alcalde Presidente do Excmo. Concello.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de maio de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o acordo número 12/352, relativo a APROBACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DOUS XEFES DE BRIGADA PARA A DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

Por todo o que, esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do acordo nº 16/388 da Xunta de Goberno Local, do 29 de maio de 2013, e do decreto número 13008312, do 30 de agosto de 2013, modificado polos decretos números 14003100 e 14004468, de datas do 31 de marzo e do 12 de maio de 2014, respectivamente, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convoca-lo proceso selectivo para a contratación temporal de dous Xefes de Brigada para a defensa contra incendios forestais, que se rexirá polas bases específicas que a continuación se transcriben:

“Prazas para convocar: 2 xefes de Brigada

Grupo: C1

Duración do contrato: TRES MESES.

Data de inicio: 1 de xullo do 2014.

Data de remate 30 de setembro do 2014.

Xornada de traballo: traballo en quendas, incluídos sábados e festivos.

1.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrírse o requisito da non presentación do DNI, do carné de conducir B e da titulación.

Para ser admitido/a a esta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo as persoas estranxeiras que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 1401703446459.doc

Asunto: convocatoria proceso selectivo 2 xefes de Brigada

Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- b) Estar en posesión do Título de técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticas, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.
- f) Estar en posesión do carné de conducir de tipo B.

2.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE:

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

3.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse ó Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou a través da vía establecida no artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a.- Fotocopia compulsada do DNI
- b.- Fotocopia compulsada do carné de conducir B
- c.- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- d.- Fotocopia compulsada de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

Consistirá en dúas fases:

A) Realización dun exercicio tipo test ou con preguntas curtas que versará sobre estas materias:

- Prevención e teoría da extinción en incendios forestais, tácticas de extinción.
- Formas e partes dun incendio forestal, factores que determinan o comportamento do lume.
- A seguridade nos incendios forestais, as devasas e contralumes.
- Actuacións de ataque directo ou indirecto nos incendios forestais niveis do incendio.
- Os medios aéreos e coordinación de equipos.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 15 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 7,5 para superala.

O aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

B) Baremo de méritos: non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito. Máximo: 10 puntos

Baremo de méritos:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:

- Servizos realizados como xefe de brigada de extinción de incendios forestais na Administración local, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,051 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos, as persoas interesadas deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aquelas persoas aspirantes que traballaron no Concello de Lugo, as cales unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
- Servizos realizados como xefe de brigada de extinción de incendios forestais noutra Administración Pública distinta da Local, con contrato ou nomeamento feito pola propia Administración e referidos ós últimos 10 anos: 0,023 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos as persoas interesadas deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada no nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
- Servizos realizados como xefe de brigada de extinción de incendios forestais en empresas públicas ou privadas e referidos ós últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos as persoas interesadas deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 1401703446459.doc

Asunto: convocatoria proceso selectivo 2 xefes de Brigada

presentarse a citada documentación ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

b) Titulación:

Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados e ata un máximo de 1,50 puntos. Unicamente será aquí puntuada a titulación superior á formación profesional (titulación mínima esixida para poder optar a esta praza).

- Título de licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 1,5 puntos.
- Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico ou equivalente: 1 punto.

c) Formación:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

- Menos de 15 horas: 0 puntos
- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos
- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos
- Más de 160 horas: 0,75 puntos.

d) Inscripción como demandantes de emprego:

Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1,20 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. As persoas aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

e) Coñecemento do galego:

Pola realización ou validación, se é o caso, do curso de iniciación á lingua galega ou Celga 3: 0,50 puntos. E pola realización ou validación, se é o caso, do curso de perfeccionamento da lingua galega ou Celga 4: 1 punto. A puntuación máxima deste parágrafo será de 1 punto.

O resultado final do proceso selectivo será a suma da proba do parágrafo A (para aqueles que superen a mesma), co resultado do baremo de méritos.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores.
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante.

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Presidente: D. José Cedrón Pérez, Sarxento de Bombeiros do Concello de Lugo.

Suplente: D. José Novo Pérez, Cabo - Bombeiro do Concello de Lugo.

Vogais:

- D. Miguel Vila López, Cabo – Bombeiro do Concello de Lugo.

Suplente: D. José Carreira López, Cabo – Bombeiro do Concello de Lugo.

- D. José A. Busto París, Cabo – Bombeiro do Concello de Lugo.

Suplente: D. Fernando Díaz Roa, Bombeiro-Condutor do Concello de Lugo.

- D. Jesús Dorado Pin, Encargado de Vías e Obras do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª María Jesús González-Vara Pin, Avogada do Concello de Lugo.

Secretario: D. José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

ANEXO I:

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo que van realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase o/a aspirante decaído/a do seu dereito á contratación.

Igualmente os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que as persoas compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores. En caso de non superar o curso, o/a aspirante quedará decaído/a do seu dereito á contratación.”

Segundo.- Que se proceda a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose saber que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.